

MONTES SOSTÍBEIS

A ZARRA DA PENA NOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

Ascensión Castro Batán*

Os Sobreirais do Río Arnego constitúen un espazo natural que está incluído dentro da proposta da Rede Natura 2000. Este espazo conta cunha superficie de 1.537 ha e localízase nos termos municipais de Agolada, Lalín e Vila de Cruces, na provincia de Pontevedra. O sobreiral Zarra da Pena forma parte deste Lugar de Interese Comunitario e sobre el botaremos una ollada para coñecer algúns dos seus usos que definiron boa parte do seu estado actual.



Ascensión Castro

Parcela da Zarra da Pena onde se compatibiliza a saca da cortiza co aproveitamento gandeiro.

HISTORIA SOBRE OS SOBREIRAIS GALEGOS

A evolución histórica dos sobreirais espallados ao longo de boa parte da xeografía galega non é doada de establecer, xa que son poucas as referencias documentais explícitas sobre a existencia deste tipo de formacións en Galiza, en comparación coas que fan alusión a outras especies forestais. Así, por exemplo, autores como Víctor López Seoane en *"Reseña de la Historia Natural de Galicia"* de 1866 ou P. Baltasar Merino, na súa obra *"Flora descriptiva e ilustrada de Galicia"* de 1909, sitúan esta especie na paisaxe galega. Otero Pedrayo, en 1926, no seu libro *"Guía de Galicia"* xa incorpora unha pequena referencia ao aproveitamento desta árbore e Vicente Risco, na descrición que fai da provincia de Ourense en 1930, citando os datos recollidos nunha *Memoria* elaborada pola entón chamada *Junta Consultiva*

Agronómica, reflicte unha superficie de "800 hectáreas de alcornocal y pastos", dato que unicamente se debe ter en conta para subliñar a presenza desta árbore, a cal se supón que nese momento comezaba a ter certa importancia, xa que dalgún xeito se tratou de cuantificar. É no ano 1944, no *Mapa Nacional de Abastecimientos y Transportes* para o Partido Xudicial de Lalín, incluído dentro dos *Fondos da Administración Provincial*, cando se atopan os primeiros datos nos que aparecen reflectidos os sobreirais do concello de Agolada. Nestas follas baixo a denominación de "alcornocal con pastos" recóllense distintas cantidades de producións de madeira, leñas, froitos e cortiza. A partir de aquí, xa se conta con libros de botánica ou inventarios forestais onde as referencias, aínda que poucas, seguen xurdindo, iso si, de modo xenérico.

O SOBREIRAL "ZARRA DA PENA"

O sobreiral "Zarra da Pena" é un dos predios privados salientábeis deste espazo natural. Conta cunha superficie de 24,4 ha de sobreiral mesturado con carballo, piñeiro e algún que outro castiñeiro. Segundo contan as persoas que traballaron neste sobreiral, en tempos pasados, na "Zarra da Pena" só había sobreiras, dous pequenos sotos de castiñeiros e unha carballeira. Naqueles tempos, un dos principais usos que tiña o sobreiral eran as estivadas. Esta práctica estaba moi estendida no agro galego, en concreto na obra *"La Galice"* de A. Bouhier o concello de Agolada aparece entre as zonas onde era máis común a utilización do monte para este tipo de práctica. O tipo de estivada que se facía neste sobreiral podería axustarse ao que Bouhier denomina *"gran estivada"*, é dicir, cavábase o monte e xuntábanse os terróns en montóns para queimar. O relevante deste feito é que se cavaba en case a totalidade da superficie, non só nas zonas máis abertas, senón tamén a limitación viña dada por unha excesiva pendente. Como tamén se metía o gando no monte, as zonas estivadas, separábanse do resto por sebes, feitas coas pólas podadas das sobreiras. Unha vez rematada a estivada, as pólas destas sebes convertíanse na única leña que se sacaba do monte xunto coa obtida dalgunha sobreira seca, xa que non lles estaba permitido aos caseiros cortar sobreiras verdes.

No tempo das estivadas compatibilizábase este uso coas rozas de estrume e co pastoreo do gando, o que permitía ter a maior parte da superficie do monte limpa de mato, agás nas zonas de moita pendente que se converteron en refuxio para as especies cinxéticas. Esta práctica foi levada a cabo polos caseiros que



Vista xeral do sobreiral Zarra da Pena.

tiña o monte e comezou a facerse no ano 1930, rematando sobre o ano 1962.

Por aquel entón, en 1962, tamén comezou a saca da cortiza con fins comerciais. Mentres que antes se tiñan feito pequenas sacas para cubrir algunhas necesidades domésticas, este ano foi cando a súa venda pasou a ser un importante ingreso económico, o que provocou que as sobreiras comezasen a seren explotadas de xeito máis intensivo. Por este tempo fixéronse as últimas estivadas, feito que, engadido a que o monte non fose xa un recurso do que se podían obter uns beneficios comúns e de que o mato se estaba convertendo nun obstáculo para a caza, provocou a entrada dos primeiros lumes dos que se ten constancia, que asolaron toda esta área. Isto ocorreu sobre o ano 1965, pouco tempo despois de descortizar. Segundo contan (comunicación persoal de D. José Mejuto), a partir desta data os lumes tiñan lugar de xeito reiterado case que todos os anos. Entre 1985-1987 fíxose outra saca de cortiza, neste caso só parcial, tamén acompañada

pouco despois por un lume, o último que aconteceu no sobreiral até o momento.

A última saca da totalidade deste predio iniciouse no ano 1998 e rematou no ano 2002, e nela descortizouse case que a totalidade das sobreiras a excepción das queimadas no último lume.

DETERIORO E PROTECCIÓN DO SOBREIRAL "ZARRA DA PENÁ"

Como consecuencia dunha ausencia de control no proceso da saca da cortiza, no ano 2000 notouse unha repentina seca de parte das sobreiras facéndose así evidentes os problemas fitosanitarios dos que comezaban a adoeecer. Foi a través dun informe da Sección de Fitopatoloxía do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, solicitado polos propietarios do monte, cando se puxo de manifesto este enfeblecemento e a necesidade de tomar medidas para evitar o decaemento que comezaba a sufrir o sobreiral.

Foi así cando Marcial Barral, en representación desta propiedade, decide

que é preciso establecer unha xestión no sobreiral que salvagarde a súa continuidade no tempo e permita manter os beneficios ecolóxicos, económicos e sociais que del se viñan obtendo. Contou entón coa colaboración do Distrito Forestal do Deza que estableceu, por primeira vez na zona, un control sobre a saca da cortiza obrigando á obtención dun permiso xunto co seguimento dunhas normas para facer o descortizamento.

Máis tarde, polos anos 2005-2006, xorde a iniciativa de incluír a Zarra da Pena nun acordo de Custodía do Territorio, en colaboración coa Fundación Comarcal Deza-Ulloa, marcando unha liña inicial de actuación encamiñada á protección do sobreiral fronte o lume e baseada no establecemento dun sistema silvopastoril. Hoxe en día este acordo non está vixente, pola desaparición da entidade custodiadora. A explotación da cortiza segue a ser un dos principais usos deste sobreiral e conta xa cun plan de medidas de xestión sanitaria que ten como obxectivo principal o manter a mata no mellor estado sanitario posíbel para acadar a súa perpetuidade. Amais disto, o propietario segue na procura de outras iniciativas que axuden a establecer un modelo sólido de xestión que permita, por unha banda, garantir a súa sustentabilidade, e por outra, transformalo nun modelo educativo para outros sobreirais galegos.



Zarra da Pena, desde o interior.

* Ascensión Castro Batán é enxeñeira de Montes.